

## A VIDA NO COLMEAR

Puff... non podo máis, vouvos contar a miña historia.

Chámome Xulia e nacín en verán xunto á miña irmá María. Miña nai é a abella raíña da colmea e meu pai é un simple abázcaro. Eu son unha abella obreira en proceso. Como nacín no verán, tiven que traballar dende o primeiro momento. Primeiro imos á escola das abellas obreiras, que dirixe a abella máis vella de toda a colmea. A escola está situada no panal un. No panal número dous atópanse a maioría dos abázcaros. Nos panais tres e seis están as abellas obreiras traballando. No panal sete está a mel que recollemos para cando chegue o inverno e no oito o pole. Finalmente, no catro e seis atópase a chamada sede central, onde están todos os comités de abellas e a nosa gran xefa, a miña nai, a abella raíña. Ela preocúpase por nós e por todos, e é moi amable e boa persoa.

Bueno, ao que imos que me distraio!!

Dende pequenos ensínannos que temos que picar aos humanos porque son malas persoas, pero ata que nos convertemos en obreiras non nos din que cando os picamos, ademais de facerlles dano, morremos nós. A min paréceme algo moi surrealista xa que eles non nos fixeron nada e é unha simple forma de suicidarse só para facerlle dano aos humanos. Eu sempre pensaba que xamais faría iso aínda que me obrigasen.

Un día invadíronnos as abellas velutinas e leváronse á nosa profesora, a nosa mestra Eloísa. Pero ese día non foi un dos peores, o meu peor día creo que foi cando os amigos da miña irmá e máis ela me empurraron cara a un humano para picalo. Por un momento pensaba que xa non había volta atrás, que a miña vida remataba aí e que esta sería a fin de toda a miña existencia. De súpeto apareceu meu amigo Alexandre e rescatoume.

Como podedes ver, xa dende o momento de nacer, non lle caía moi ben á miña irmá. Ela sempre foi por diante de min en todo, agás nunha cousa... ser bondadosa. Era o único no que eu a superaba, ou iso cría ata o de agora.

Un día espertei coma sempre. Ese día era a gran competición do colmeiar. Competiamos por unha alza, cousa que todas as colmeas querían e desexaban con todas as forzas do mundo. Pero para gañala debiamos recolleitar o maior número de quilos de mel posible para a nosa colmea. Nós xa tiñamos unha alza polo que nos atopabamos no segundo nivel. A colmea que gañase na súa categoría quedaría cunha alza nova e pasaría de nivel. Nos conseguimos unha hai 20 anos e, dende entón, non volvemos gañar máis.

Ás nove da mañá comezou a competición. A colmea do noso lado, a nosa gran competidora de todos os anos, xa levaban recollido 10 quilos e só pasaran dúas horas. Nós íamos fatal porque só levabamos catro quilos recollidos e ocupabamos a última posición coma todos os anos que xa competiramos. Para ser sincera, non sei como gañamos a única alza que temos ata o de agora.

Pasaron 5 horas e nós levabamos 19 quilos e eles xa levaban 26. Entón pensei que nos merecíamos gañar aínda que só fose unha vez e púxenme as pilas. Saín cara a fóra da colmea cun único obxectivo... conseguir o maior número de quilos de mel. Non era fácil xa que o récord estaba en 19 quilos por abella e en 74 por colmea.

Comecei e cando xa levabamos 10 horas a miña colmea sumaba 40 quilos e a do lado 51. Eu so recollera 4 quilos e miña irmá 5, superábame só por 1 quilo. Xa todo me parecía imposible porque só quedaban 5 horas para rematar a competición. De súpeto mirei ao lonxe e atopei un prado cheo de flores. Fun voando rapidamente observando que ninguén me perseguía e levei todo o que puiden á colmea. Unha e outra vez, ía o máis cargada posible para non perder un gramo de mel.

Quedaba só unha hora e levabamos 69 quilos. A colmea do lado levaba 70 e eu soa conseguira 9 quilos. Todos os da miña colmea xa se renderan pero eu aínda non. Comecei a meter mel na colmea coma se non houberse mañá. Quedaba 1 minuto e necesitaba só un gramo para bater os dous récords. Cando de súpeto, a miña irmá se atopou cara a cara cun humano que a quería matar. Aí dinme conta de que nós non nos suicidabamos así como así, que eran eles que nos facían dano. Nese momento levei o último gramo á colmea e batín os dous récords. Pero non me interesaba iso, o único que me importaba era a vida da miña irmá que estaba atrapada. Necesitaba salvala e voei contra ao ser humano pinchándoo e salvando á miña irmá abella. Si, como escoitades, perdín a miña vida por salvala a ela. Porque o que sempre vai quedar na mente de todo o meu colmeaar é que ademais de ser a campioa por recoller 20 quilos de mel e que a miña colmea conseguira unha alza, tamén me lembrarán porque, aínda que a miña irmá me tratara fatal intentando facerme dano, eu salvei a súa vida pola miña. Agora todos me consideran unha heroína porque a miña irmá sabía que a única cousa que non me faltaba era bondade.

FIN

**NOA VAZ MACÍAS**